



NOTIFICACIÓN

Expediente	2020003346	
Asunto	Selección persoal ao abeiro da subvención Plan de Inclusión social	

Con data de 10/02/2020 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 30/01/2020, modificado o 10/02/2020, e que copiado di:

“Mediante resolución do director xeral de Inclusión Social se concedeu ao Concello de Ferrol unha subvención ao abeiro da Orde do 06/08/2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social. Este proxecto contempla a contratación de persoal técnico, por unha banda para o programa de inclusión social e que estaría formado por un/ha psicólogo/a, un/ha traballador/a social e un/ha orientador/a laboral e por outro lado un programa de persoas sen fogar que estaría formado por un/ha traballador/a social, un/ha educador/a social e un/ha orientador/a laboral.

A concellería da Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico achega ao departamento de Recursos Humanos un escrito que di como segue:

“Asunto.- Contratación persoal programa inclusión social. Orde 16/08/2019 da Consellería de Política Social (DOG nº 157 do 21/08/2019)

O director xeral de inclusión social, por delegación da Consellería de Política Social, resolveu conceder ao Concello de Ferrol unha subvención ao abeiro da Orde do 6/08/2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión para os anos 2019 a 2021 (cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020):

Expediente: BS623C 2019/54

Programa dirixido á inclusión social de persoas sen fogar (Ferrol acolle)

Programa dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social (Ferrol cidade inclusiva).

Para o desenvolvemento destes programas é necesario contar cun equipo técnico específico, do que se propón a súa contratación xa que o Concello de Ferrol non dispón de técnicos propios suficientes competentes para desenvolver o contido dos citados programas e acadar os obxectivos propostos. Ademais, a contratación deste persoal é un gasto imputable á subvención concedida.

Á vista das necesidades dos proxectos o persoal técnico a seleccionar sería:

Programa de exclusión social

1 psicólogo/a:

nivel licenciado ou grao (A1)

xornada completa: 100% da xornada

período de contratación: dende o 1 de febreiro de 2020 ao 30 de xuño de 2021.

funcionario/a interino/a adscrito a execución de programa

1 traballador/a social:

nivel diplomado (A2)

xornada completa: 100% da xornada

período de contratación: dende o 1 de febreiro de 2020 ao 30 de xuño de 2021

funcionario/a interino/a adscrito a execución de programa

1 orientador/a laboral: (*)

nivel diplomado (A2)

xornada parcial: 75% xornada

período de contratación: dende o 1 de febreiro de 2020 ao 30 de xuño de 2021

funcionario/a interino/a adscrito a execución de programa

Programa de persoas sen fogar

1 traballador/a social:

xornada completa: 100% da xornada

nivel diplomado (A2)

período de contratación: dende o 1 de febreiro de 2020 ao 30 de xuño de 2021

funcionario/a interino/a adscrito a execución de programa

1 educador/a familiar:

xornada parcial: 50% da xornada

nivel diplomado (A2)

período de contratación: dende o 1 de febreiro de 2020 ao 30 de xuño de 2021

funcionario/a interino/a adscrito a execución de programa

1 orientador/a laboral: (*)

xornada parcial: 25% da xornada

nivel diplomado (A2)

período de contratación: dende o 1 de febreiro de 2020 ao 30 de xuño de 2021

funcionario/a interino/a adscrito a execución de programa

(*) *Seleccionarase a un único/a orientador/a laboral para os dous proxectos (25%*

da xornada programa persoas sen fogar e 75% programa exclusión social).

Á vista do anterior solicítase realice os trámites oportunos para a selección dos técnicos enriba relacionados tendo en conta o seguinte:

- *Dende a Concellería de Benestar realizarase a correspondente oferta de Emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (oficina Ferrol-Centro) para garantir os prazos de contratación que marca a Consellería.*
- *A xeración de crédito para a contratación do persoal técnico atópase en fase de tramitación: achegarase copia dende o negociado de Benestar (cando sexa remitida pola intervención).*
- *A proposta para o desenvolvemento do proceso de selección, tendo en conta a natureza do programa é a seguinte:*

1º Proba escrita (máximo 12 puntos).

20 preguntas tipo test sobre cuestións reguladas na seguinte documentación:

- *Orde do 6 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión (DOG núm 157 do 21/08/2019).*
- *Proxectos Ferrol Cidade inclusiva e Ferrol acolle, que estarán colgados na páxina web municipal para a súa consulta.*
- *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (texto consolidado)*
- *Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*
- *Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social*

Proba eliminatoria: superar o 60% das preguntas

2º Valoración curricular de cada posto (máximo 8 puntos)

Formación (máximo 2 puntos)

Cursos relacionados coas funcións a desenvolver(diagnose, deseño de proxectos de inclusión social, acompañamento social, prospección e/ou intermediación laboral, habilidades sociais, traballo en equipo, dinámica de grupos...): 0,2 puntos por cada 20 horas.

Cursos en materia de Servizos Sociais: 0,10 puntos por cada 20 horas.

Experiencia profesional (máximo 6 puntos)

Para o orientador/a laboral:

Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades relacionados con Servizos Sociais e Emprego : 0,20 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en outras Administracións relacionados con Servizos Sociais e Emprego: 0,10 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en Entidades de carácter social relacionados con Servizos Sociais e Emprego: 0,05

puntos por mes traballado.

Para o resto dos postos:

Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades relacionados con Servizos Sociais : 0,20 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en outras Administracións relacionados con Servizos Sociais: 0,10 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en Entidades de carácter social relacionados con Servizos Sociais: 0,05 puntos por mes traballado.“

O artigo 19.2 da Lei 6/2018, do 4 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para 2020, establece: “Dous. Non se poderá contratar persoal temporal, así como nomear persoal estatutario temporal e funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

O artigo 23 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia dispón:

“1. Tienen la condición de personal funcionario interino las personas que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombradas en tal condición para el desempeño de funciones propias del personal funcionario de carrera.

2. Para que pueda procederse al nombramiento de personal funcionario interino tiene que concurrir alguna de las siguientes circunstancias:

(...) c) La ejecución de programas de carácter temporal y de duración determinada que no respondan a necesidades permanentes de la Administración. El plazo máximo de duración de la interinidad se hará constar expresamente en el nombramiento y no podrá ser superior a tres años, ampliables hasta doce meses más si lo justificara la duración del correspondiente programa.(...)”

Neste caso, a contratación non responde a unha necesidade permanente da Administración si non á de desenvolver os programas subvencionados con persoal técnico cualificado para executar o contido e acadar os obxectivos propostos.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público recolle no seu artigo 10: “1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

(...) c) **La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.**

(...) 2. La selección de funcionarios interinos habrá de realizarse mediante procedimientos ágiles que respetarán en todo caso los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad. (...)”

Recóllese do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración xeral do Estado, que á selección e nomeamento de funcionarios interinos efectuarase “con arreglo a los principios de mérito y capacidad” a o tempo que sinalala que “El procedimiento deberá posibilitar la máxima agilidad en la selección, en razón a la urgencia requerida para cubrir transitoriamente los puestos de trabajo en tanto se destina a los mismos a funcionarios de carrera.”

Establece o artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015: “1. Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.

2. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*
- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.*
- f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección.”*

A redacción do artigo 10.1 do EBEP pon de manifesto que a nova causa de interinidade recollida no apartado c) do precepto, busca un obxectivo moi claro: executar programas de carácter temporal que correspondan a necesidades non permanentes, que se adapten aos obxectivos do programa. O cal ha de ter, á súa vez, reflexo no procedemento de selección dos funcionarios interinos que o vaian a desenvolver; de maneira que o procedemento de selección debe adaptarse a tales obxectivos e non ás características dalgún posto de traballo da Administración que o aproba.

Dende a Concellería de Benestar infórmase que realizarase a correspondente oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia para garantir os prazos de contratación que marca a Consellería.

A Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (de aplicación supletoria á Administración Local) no seu artigo Terceiro establece os criterios de selección incluíndo que: “Por razóns de prazos o de dificultad para captar candidatos, podrá recurrirse, con carácter excepcional, a los servicios públicos de empleo para realizar la preselección.” A legalidade deste procedemento foi admitida pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (Sala do Contencioso – Administrativo) de 8 de marzo de 2007.

Os criterios de selección axústanse ao recollido na Orde APU/1462/2002 de 6 de xuño.

Na selección que nos ocupa, segundo a información facilitada dende a concellería da área o período de contratación do persoal técnico se estenderá dende a data da toma de posesión ata 30 de xuño de 2021.

Polo exposto, proponse a concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción das seguintes resolucións:

Primeiro. *Efectuar as correspondentes Ofertas de Emprego ao Servizo Público de Emprego (oferta xenérica con difusión).*

Segundo. *Designar como membros integrantes da comisión avaliadora que, con base á preselección do Servizo Público de Emprego, procederá á selección final de aspirantes para o fin de efectuar os correspondentes nomeamentos como funcionarios interinos para a execución do programa de inclusión social, ás persoas que de seguido se citan:*

-
- *Presidente: Laura López González, xefa de Sección de Benestar, Igualdade e Xuventude*
- *Suplente: Rogelio Cenalmor Palanca xefe de Servizo de Contratación*

- *Secretario: Leopoldo Moure García, secretario xeral do Concello de Ferrol*
 - *Suplente: Paula Vazquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol*
- Vogais:*
- *María Jesús Calvo Camba, psicóloga do Concello de Ferrol*
 - *Suplente: Javier Pedreira Pérez traballador social do Concello de Ferrol*
 - *Elena López Fernández asesora xurídica da Area de Benestar, Igualdade e Xuventude*
 - *Suplente: Milagros Puig Mosquera xefa de Sección de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras*
 - *Joaquín Martínez Cubero, xefe de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo*
 - *Suplente: Engracia Dopico González, xefa de Sección de Promoción Cultural e Turística*
 - *Asesores:*
 - *Maria Teresa Alonso Novo*
 - *Manuel Naveira Rodríguez”*

Terceiro. *Desenvolver o proceso de selección de acordo coa proposta transcrita.*

Non obstante, vostede resolverá. “

Examinada asimesmo a documentación que o acompaña,

Decreto.- *Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.”*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral